

do 9 ao 18 de maio de 2025

**Pórtico
do Paraíso**
XVIII Festival Internacional de Música

www.porticodoparaiso.com

CURSO DE VENTO METAL CON SPANISH BRASS



Con 35 anos de traxectoria no mundo da música, Spanish Brass é un dos grupos de cámara máis dinámicos e consolidados do panorama musical internacional.

O ano 1996 obtivo o Primeiro Premio do 6º Concurso Internacional para Quintetos de Metais "Ville de Narbonne" (Francia), considerado o máis prestixioso para esta formación. En 2017 recibiu o I Premio Bankia ao Talento Musical na Comunitat Valenciana e, en 2019, o Premio Espai Ter de Música de Torroella de Montgrí polo proxecto Mira se hem corregut terres... Ten no seu haber cinco Premios Carles Santos outorgados polo Instituto Valenciano de Cultura, polos seus CD XXX e Mira se hem corregut terres... (2019), Aventúreslles de Monsieur Jules (2020), Spanish Brass (a) AO VIVO (2021) e Resurrección (2022).

En 2020 recibiu o Premio Nacional de Música na modalidade de Interpretación que outorga o Ministerio de Cultura de España.

Ademais de participar nalgúns dos festivais máis importantes de música e de realizar xiras por todo o mundo, publicou trinta e dous traballos discográficos. Paralelamente á actividade de concertos, Spanish Brass organiza dous festivais dedicados aos instrumentos de metal de carácter internacional: o Festival Spanish Brass Alzira – SBALZ (www.sbalz.com) e o Brassurround (www.brassurround.com)

Tocan con trompetas e trombón Shires, trompa Paxman e tuba Melton e coa nova aplicación BlackBinder. Spanish Brass recibe apoio do Institut Valencià de Cultura e do Ministerio de Cultura-INAEM.

O sábado 17 de maio de 2025 no Conservatorio Profesional de Música de Ourense

Posibilidade de participar como alumno activo ou ointe

PRAZAS LIMITADAS

A matrícula de alumno activo inclúe un desconto na entrada do concerto de Spanish Brass no XVIII Festival Pórtico do Paraíso

CMUS
conservatorio de música de ourense

PROGRAMA DO CURSO

LUGAR: CMUS de Ourense.

DATA: Día 17 de maio de 2025 en horario de tarde a concretar.

MÉTODO DE TRABALLO

As clases serán individuais e colectivas, e poderán asistir todos os alumnos matriculados no curso. Nelas traballarase o repertorio elixido polo alumnado como vehículo para o estudo dos distintos estilos interpretativos.

DEREITOS DE MATRÍCULA

- Alumnos activos do Centro: clase 1h, 90 € / clase 30 min, 45 €
- Alumnos activos de fora do Centro: clase 1h, 120 € / clase 30 min, 60 €
- Alumnos oíntes do Centro: 25 €
- Alumnos oíntes de fora do Centro: 40 €

Todo o alumnado tanto activo como ointe poderá participar nunha clase colectiva de 1h.

As inscricións abonaranse no número de conta de ABANCA: IBAN ES65 2080 5260 7031 1007 1809.

O boletín de inscrición e xustificante de pago remitiranse á Secretaría do Centro. O prazo de matrícula de alumnos do CMUS de Ourense remata o día 31 de xaneiro de 2025. A todos os alumnos participantes no curso entregaráselle un diploma acreditativo de asistencia.

INFORMACIÓN

Secretaría do Curso, Rúa Pablo Iglesias, s/n, 32004 - OURENSE

Teléfono: 988.39.10.47 - Fax: 988.39.19.71 E-mail: cmus.ourense@edu.xunta.es

INSCRICIÓN

Apelidos

Nome

Enderezo

Provincia

Teléfono

E-mail

Instrumento

Nivel de estudos

Alumnos activos do Centro: clase 1h, 90 € / clase 30 min, 45 €

Alumnos activos de fora do Centro: clase 1h min, 120 € / clase 30 min, 60 €

Oíntes do Centro 25 € / Oíntes de fóra do Centro 40 €

Os alumnos activos dispondrán dunha entrada a metade de prezo no concerto de Spanish Brass no Mosteiro de Oseira (Cea, Ourense) o día 18 de maio de 2025 no marco do XVIII Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso.

Sinatura